

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 31 DE OUTUBRO DE 2013.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

D^a. Ana Ledo Fernandez

D. José Ángel Rey Seoane

D^a. Isabel Sesar Otero

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:00 horas do día trinta e un de outubro de 2013, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Por non terse repartido acta da sesión anterior, deixase sen contido este punto da orde do día ordeando o Alcalde pasar ao seguinte.

2.- INSTANCIAS E SOLICITUDES.

2.1.- ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, SERVIZO DE PROMOCIÓN DO EMPREGO, COMUNICANDO A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (MEDIO AMBIENTE)

Pola secretaria dase conta do escrito remitido do Servizo de Promoción do Emprego, Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, con rexistro de entrada neste concello co nº 1989 en data 07/10/2013, no que se comunica a resolución da concesión de subvención Expte.: TR351A 2013/173-1 para a contratación de traballadores desempregados en colaboración coas entidades locais, segundo as seguintes características:

Servizo subvencionado: Medio ambiente

Importe total da subvención concedida: 2.089,92 euros.

Data de inicio	Núm. Traba	Ocupación	Grupo Cotizac.	Modalidade contractual	Duración contrato (meses)	Xornada (%)	Custos Subvenc. S. Social	Custos Salariais Subvenc.
Antes do 05/11/13	1 <input type="checkbox"/>	Peón	10	Obra/Servizo (interese social) <input type="checkbox"/>	4	50	584,20 <input type="checkbox"/>	1.505,72
					TOTAIS		584,20	1.505,72

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan iniciar os trámites para súa tramitación.

2.1.2.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, SERVIZO DE PROMOCIÓN DO EMPREGO, COMUNICANDO A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (AXUDA A DOMICILIO)

Pola secretaria dase conta do escrito remitido do Servizo de Promoción do Emprego, Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, con rexistro de entrada neste concello co nº 1988 en data 07/10/2013, no que se comunica a resolución da concesión de subvención Expte.: TR351A 2013/168-1 para a contratación de traballadores desempregados en colaboración coas entidades locais, segundo as seguintes características:

Servizo subvencionado: Axuda a domicilio

Importe total da subvención concedida: 2.762,00 euros.

Data de inicio	Núm. Traba	Ocupación	Grupo Cotizac.	Modalidade contractual	Duración contrato (meses)	Xornada (%)	Custos Subvenc. S. Social	Custos Salariais Subvenc.
Antes do 05/11/13	1	Axuda domicilio	9	Obra/Servizo (interese social)	4	50	726,64	2.035,36
					TOTAIS		726,64	2.035,36

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan iniciar os trámites para súa tramitación.

2.1.3.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, SERVIZO DE PROMOCIÓN DO EMPREGO, COMUNICANDO A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (SOCORRISTA)

Pola secretaria dase conta do escrito remitido do Servizo de Promoción do Emprego, Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, con rexistro de entrada neste concello co nº 1991 en data 07/10/2013, no que se comunica a resolución da concesión de subvención Expte.: TR351A 2013/176-1 para a contratación de traballadores desempregados en colaboración coas entidades locais, segundo as seguintes características:

Servizo subvencionado: Socorrista

Importe total da subvención concedida: 3.569,05 euros.

Data de inicio	Núm. Traba	Ocupación	Grupo Cotizac.	Modalidade contractual	Duración contrato (meses)	Xornada (%)	Custos Subvenc. S. Social	Custos Salariais Subvenc.
Antes do 05/11/13	1	Socorrista	8	Obra/Servizo (interese social)	2.5	50	880,50	2.688,55
					TOTAIS		880,50	2.688,55

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por parte da secretaria informáselle que a contratación xa foi realizada nos meses de verán.

2.1.4.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, SERVIZO DE PROMOCIÓN DO EMPREGO, COMUNICANDO A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (COIDADADO DE NENOS/AS)

Pola secretaria dase conta do escrito remitido do Servizo de Promoción do Emprego, Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, con rexistro de entrada neste concello co nº 1990 en data 07/10/2013, no que se comunica a resolución da concesión de subvención Expte.: TR351A 2013/175-1 para a contratación de traballadores desempregados en colaboración coas entidades locais, segundo as seguintes características:

Servizo subvencionado: Coidado de nenos/as

Importe total da subvención concedida: 2.263,44 euros.

Data de inicio	Núm. Traba	Ocupación	Grupo Cotizac.	Modalidade contractual	Duración contrato (meses)	Xornada (%)	Custos Subvenc. S. Social	Custos Salariais Subvenc.
Antes do 05/11/13	1 □	Coidado de nenos/as	9	Obra/Servizo (interese social) □	4	50	571,16 □	1.692,28
					TOTAIS		571,16	1.692,28

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan iniciar os trámites para súa tramitación.

2.1.5.- CERTIFICADO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA CANTIDADE QUE SE LIQUIDARÁ E TRANSFERIRÁ A ESTE CONCELLO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA).

Pola secretaria dase conta do escrito remitido do Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, con rexistro de entrada neste concello co nº 1943 en data 30/09/2013 acompañado de certificado da cantidade que se liquidará e transferirá a este concello pola prestación do servizo de axuda no fogar (dependencia), correspondente ao 2º trimestre de 2013 por importe de 18.831,58 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.6.- RESOLUCIÓN DO ORGANISMO AUGAS DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS AUTORIZACIÓN CONCESIÓN DE AUGA

Pola secretaria dáse conta da resolución remitida pola dirección de Augas de Galicia de data 24 de setembro de 2013, con rexistro de entrada co nº 1944 en data 30/09/2013 na que se autoriza a Ganadería Ponte Boado, S.L a concesión dun caudal de auga de 4,87 l/s procedente do río Pequeno, no lugar da Ponte Boado, parroquia de Arceo (San Vicenzo), para funcionamento dun muíño.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.7.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA CONCEDENDO AMPLIACIÓN DE PRAZO PARA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN ADQUISICIÓN CARGADORA RETROEXCAVADORA

Pola secretaria dáse conta da resolución remitida vía fax pola Dirección Xeral de Administración Local, con rexistro de entrada co nº 2213 en data 30/10/2013 na que se concede á agrupación de concellos de Boimorto e Sobrado unha ampliación de prazo ata o día 15 de novembro de 2013, para a execución e xustificación do proxecto denominado Adquisición de cargadora retroexcavadora.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.8.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO ORGANISMO AUGAS DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS AUTORIZACIÓN VERTIDO DE AGUAS RESIDUAIS PROCEDENTES DO SANEAMENTO DO LUGAR DA PEROXA.

Pola secretaria dáse conta da proposta de resolución remitida polo xefe da Área de Vertidos do Organismo de Augas de Galicia, con rexistro de entrada co nº 2175 en data 24/10/2013, en rela-

ción coa solicitude de autorización de vertido de augas residuais urbanas depuradoras ao río Batán (cunca do río Tambre), procedentes do saneamento do lugar da Peroxa - Os Ánxeles (T.M. Boimorto), outorgando un prazo de dez días para presentar alegacións que se consideren convenientes para o seu dereito.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.9.- ESCRITO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO CONSELLERÍA DE FACENDA FINALIZACIÓN CONTRATO DE ARRENDAMENTO QUE AMPARABA A OCUPACIÓN DO ALMACÉN DA ANTIGA CÁMARA AGRARIA LOCAL.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola secretaría xeral técnica e do Patrimonio, con rexistro de entrada co nº 2224 en data 31/10/2013, no que informa que a través da Consellería do Medio Rural e do Mar como departamento competente na materia comunicouse á Cooperativa Agraria de Produtores del Campo de Boimorto a finalización do contrato de arrendamento que amparaba a ocupación do almacén da antiga Cámara Agraria Local, con efectos do día 1 de xaneiro de 2014, polo que se reitera a proposta de venda realizada o 3 de xuño de 2013.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.10.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN PAGAMENTO ANTICIPADO DO 50% DO PLAN DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS COMUNITARIOS BÁSICO DO ANO 2013

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de servizos sociais, rexistro de entrada co nº 2039 en data 11/10/2013, no que se comunica a resolución de aprobación do pagamento anticipado do 50% da achega provincial de servizos sociais por importe de 15.786,34 €uros, indicando que o prazo para xustificar a totalidade dos importes rematará o 28 de febreiro de 2014.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.11.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE ENVELLECIMENTO ACTIVO PARA AS PERSOAS MAIORES ANO 2013 (MANTEMENTO)

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Sección de servizos sociais, rexistro de entrada co n.º 1958 en data 02/10/2013 no que comunica a aprobación da concesión da subvención para o programa de termalismo social anualidade 2013:

Importe subvención	Coef.	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
3.000,00 €	1	3.000,00 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as

2.1.12.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CONCESIÓN PRÓRROGA DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA OBRA “MELLORA VERQUIDO DEPURADORA LOBOMORTO (ARCEO)”

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Sección de Plans Provinciais, rexistro de entrada co nº 2015 en data 08/10/2013, no que se comunica a resolución de concesión dunha prórroga do prazo de adjudicación da obra do POS 2013 ata o 30 de xuño de 2014 denominada “Mellora verquido depuradora Lobomorto (Arceo).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.13.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA OBRA INCLUÍDA EN PROMOCIÓN ECONÓMICA 2012 “ACONDICIONAMENTO DE VÍA PÚBLICA”

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Sección de Promoción Económica, rexistro de entrada co nº 2018 en data 09/10/2013, no que se comunica a resolución de aprobación da documentación xustificativa enviada da obra subvencionada a través do programa de promoción económica 2012 “Acondicionamento de vía pública” e o aboamento do segundo prazo da subvención por importe de **3.115,81 €uros**.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.14.- CIRCULAR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS 2014

Pola secretaria dáse conta da circular enviada pola Deputación Provincial, Sección Plans Provinciais, rexistro de entrada co nº 2207 en data 30/10/2013, na que se informa sobre a aprobación polo Pleno da Deputación provincial da Coruña das Bases reguladoras do Plan de obras e servizos (POS) 2014 e da cantidade asignada a este concello: 198.295,46 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.15.- ESCRITO DA FEGAMP ACLARACIÓN PERÍODO XUSTIFICACIÓN CONVENIO SANIDADE

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido vía fax polo secretario xeral da Fegamp, rexistro de entrada co nº 2214 en data 30/10/2013, no que comunica que ante as dúbidas suscitadas na interpretación do Convenio de Colaboración para a realización de programas de atención e protección da saúde en relación sobre o período xustificable, infórmase que o período de xustificación do Convenio previsto para o vindeiro ano abarcaría dende o 1 de xaneiro de 2014.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.16.- ESCRITO DA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE CANON ANO 2014

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido polo presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, rexistro de entrada co nº 2178 en data 25/10/2013, no que comunica que dende o 1 de xaneiro de 2014 aplicarase un canon unitario por tonelada de 74,64 €uros sen IVE para todos os residuos municipais.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.17.- RESOLUCIÓN DA TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL DENEGACIÓN AMPLIACIÓN DE PRAZO DE PRESENTACIÓN DE ALTAS E BAIAS DOS TRABALLADORES DESTE CONCELLO.

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido da Tesourería Xeral da Seguridade Social, Área de inscrición e Afiliación, rexistro de entrada co nº 2173 en data 24/10/2013, no que comunica a resolución de denegación a este concello e C.C.C. Principal número 15003705316, a ampliación do prazo de presentación dos documentos de afiliación, alta, baixa e variación de datos dos traballadores na Seguridade Social que consideran que non se xustifican suficientemente a dificultade de cumprir os prazos establecidos con carácter xeral, así como que dita concesión ocasionaria unha especial dificultade na xestión da recadación.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

3.- LICENZAS PERMISOS E AUTORIZACIÓNS

3.1.- LICENZAS PERMISOS

3.1.1.- LICENZA PROVISIONAL DE ACTIVIDADE PARA CONSTRUCCION DE ESTABLO DE VACÚN DE LEITE TRABADO NO LUGAR DE CABANA, PARROQUIA DE BUAZO, SOLICITADA A INSTANCIA DE D. ROGELIO SANDÁ ESPÍNEIRA.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obras, tramitado a instancia de D. Rogelio Sandá Espiñeira, con DNI 76514928-T, con domicilio a efectos de notificacións no lugar de Ponte Boado nº 1, parroquia de Arceo, Boimorto, en virtude da instancia número 1824 de data 17 de setembro de 2013, para o proxecto de “Establo de vacún de leite trabado” a situar no lugar de Cabana, parroquia de Buazo, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Manuel Mosquera García, colexiado número 1.475, visado polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos (A Coruña-Pontevedra) co número 20130815, presentando o oficio de dirección de obra visado, parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria.

Resultando que o proxecto técnico presentado inicialmente foi completado con documentación complementaria con rexistro de entrada no Concello 2.013 en data 14/10/2013.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 14/10/2013 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o informe de secretaría de data 31/10/2013 e o compromiso por parte do interesado de execución de servizos e de inscrición no Rexistro da Propiedade (artigo 42 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia).

Tramitado procedemento de avaliación de incidencia ambiental regulado no Decreto 133/2008 de 12 de xuño, constando informe de compatibilidade de data 26/09/2013 así como informe de incidencia ambiental de data 21/10/2013 asinados por D. Ángel Delgado Cid.

Resultando que tramitado o procedemento de incidencia ambiental do Decreto 133/2008 da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en escrito con entrada 2222 en data 31/10/2013 remítese Ditame de Incidencia Ambiental, sen prexuízo do sinalamento de medidas correctoras oportunas.

Condicionando a licenza ao sinalado no informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais e ao Ditame de Incidencia Ambiental remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Considerando, que o proxecto técnico e a documentación complementaria reúnen os requisitos esixidos e que a memoria describe en extensión e detalle as características de actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente.

Considerando, que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boimorto, non estando en contradición co disposto nos acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, se respetan as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulta incompatible.

Vista a Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, así como as demais disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDA:

PRIMEIRO.- Outorgar licenza provisional de actividade a D. Rogelio Sandá Espiñeira para o proxecto de “Establo de vacún de leite trabado” a situar no lugar de Cabana, parroquia de Arceo, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Manuel Mosquera García, colexiado número 1.475, visado polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos (A Coruña-Pontevedra) co número 20130815, e documentación complementaria con rexistro de entrada no Concello 2.013 en data 14/10/2013, parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria.

SEGUNDO.- A presente autorización de licenza provisional de actividade estará condicionada ao cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto técnico presentado coa solicitude de licenza e documentación complementaria, así como as establecidas nos informes técnicos e xurídicos que constan no expediente e indicados neste acordo, sometendo a licenza provisional de actividade ás seguintes condicións:

.- Estará condicionada ao recollido no Ditame de Incidencia Ambiental de data 28/10/2013 escrito con entrada neste Concello nº 2222 en data 31/10/2013 remitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

.- A actividade non pode iniciarse ata a obtención de licenza definitiva de actividade tras a visita de comprobación dos técnicos municipais, condicionada a previa obtención de autorizacións sectoriais necesarias.

.- Deberase axustar as medidas correctoras que se contemplan no proxecto e documentación complementaria presentado e ao sinalado no Ditame de Incidencia Ambiental.

.- En ningún caso se poderá comezar a exercer a actividade antes de que se teña obtido a acta de comprobación favorable.

.- Para poder obter a acta de comprobación favorable o petionario terá que solicitar ao Concello para que este efectúe a oportuna visita de comprobación. Á solicitude acompañarase de certificación do Técnico Director das obras e instalacións na que se especifique a conformidade destas á licenza de obras que lles ampara.

.- No suposto de que antes de solicitar a visita de comprobación se teñan que facer probas para verificar o funcionamento de máquinas ou de instalacións, o titular deberá de comunicalo á Alcaldía-Presidencia con cinco días de antelación, explicando a duración e as medidas adoptadas para garantir que estas probas non afectarán ao entorno, nin crearán risco para as persoas nin aos bens. Á realización destas probas poderán asistir os técnicos que o Concello de Boimorto desexe e designe.

.- Con anterioridade da licenza definitiva de actividade deberá presentar a inscrición no rexistro da propiedade do compromiso contemplado no artigo 42 da lei 9/2002.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de taxa por licenza de apertura de establecemento en aplicación da ordenanza fiscal nº 5 do Concello de Boimorto.

Base imponible superficie ocupada: 738 m²

Tipo de solo: rústico

Tarifa: 1,00 €uros/m²

Cota a ingresar: **738,00 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recurso que poiden interpoñerse contra o mesmo.

3.1.2.- LICENZA PROVISIONAL DE ACTIVIDADE PARA CONSTRUCCION DE FOSA DE XURRO NO LUGAR DE CELA, PARROQUIA DE SENDELLE, SOLICITADA A INSTANCIA DE D. MARTÍN VIDAL VÁZQUEZ.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obras e actividade, tramitado a instancia de D. Martín Vidal Vazquez, con DNI 47404163-J e con domicilio aos efectos de notificacións en Lug. Marco núm. 18, parroquia de Sendelle, Boimorto, A Coruña, en virtude da instancia con rexistro de entrada no Concello nº 1353 en data 17/07/2013 para o proxecto “Execución de fosa de purín” a situar no lugar de Cella, parroquia de Sendelle, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Felipe Rey Pérez, colexiado nº 738 e visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas de A Coruña-Pontevedra co número 563/13, parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria.

Con data 29/07/13 os servizos técnicos municipais emitiron informe sinalando unha serie de observacións, polo que o 27/08/13 rexistro de entrada nº 1643 o técnico redactor presenta “Anexo ao proxecto para execución de fosa de purín”.

Con data 4/09/13 os servizos técnicos emitiron informe sinalando unha serie de observacións, polo que o 26/09/13 rexistro de entrada nº 1922, preséntase nova documentación (Anexo ao proxecto, nomeameto de dirección de obra e comprosimos do artigo 42 da LOUGA).

Tramitado procedemento de avaliación ambiental regulado no Decreto 133/2008 de 12 de xuño, constando informe de compatibilidade de data 26/09/13 así como informe de incidencia ambiental na mesma data asinados por D. Ángel Delgado Cid.

Resultando que tramitado o procedemento de incidencia ambiental do Decreto 133/2008 de 12 de xuño e mediante resolución ditada con data 17/10/2013 pola Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas con rexistro de entrada no Concello co nº 2174 en data 24/10/2013 sinálase que non é necesario someter a actividade ao procedemento de avaliación ambiental por tratarse dunha modificación non substancial sen prexuízo de incidir medidas protectoras e correctoras para acadar unha maior protección do medio ambiente.

Visto o informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 26/09/13 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o informe de secretaría de data 31/10/13 e o compromiso por parte do interesado de execución de servizos e de inscrición no Rexistro da Propiedade (artigo 42 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística de protección do medio rural de Galicia).

Considerando que o proxecto técnico e anexos ao proxecto que o complementan reúnen os requisitos esixidos e que a memoria describe en extensión e detalle as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente.

Considerando, que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boimorto, non estando en contradición co disposto nos acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, se respetan as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulta incompatible.

Vista a Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, así como as demais disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDA:

PRIMEIRO.- Outorgar licenza provisional de actividade a D. Martín Vidal Vázquez para o proxecto de “Execución de fosa de purín” a situar no lugar de Cela, parroquia de Sendelle, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Felipe Rey Pérez, colexiado nº 738 e visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas de A Coruña-Pontevedra co número 563/13; e anexos con rexistro de entrada número 1643 de data 27/08/13 e o número 1922 de data 26/09/13, parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria; e condicionando a licenza de instalación ao cumprimento dos seguintes requisitos:

1.- En ningún caso a actividade se poderá comezar a exercer antes de que se teña obtido a acta de comprobación favorable.

2.- Para obter esta acta o petionario haberá de solicitar do Concello que efectúe a oportuna visita de comprobación. Á solicitude acompañarase certificación do Técnico Director das obras e instalacións na que se especifique a conformidade destas á licenza de obras que lles ampara.

3.- Que, no suposto de que, antes de solicitar a visita de comprobación, se teñan que facer probas para verificar o funcionamento de máquinas ou de instalacións, o titular haberá de comunicalo á alcaldía-presidencia con cinco días de antelación, explicitando a duración e as medidas adoptadas para garantir que estas probas non afectarán ao entorno, nin crearán risco para as persoas nin os bens. Á realización destas probas, poderán asistir os técnicos que o Concello de Boimorto desexe e designe.

SEGUNDO.- A presente autorización estará condicionada, ao cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto técnico presentado coa solicitude de licenza e anexos, así como as establecidas nos informes técnicos que constan no expediente e indicadas neste acordo, destacando o necesario cumprimento das medidas correctoras indicadas por Medio Ambiente en escrito con entrada no Concello nº 2174 en data 24/10/2013 que son:

.- Antes da concesión de licenza definitiva deberá acreditarse a estanquidade e impermeabilidade da fosa de xurro, mediante certificación do técnico responsable da dirección das obras.

.- A fosa estará subdividida en dúas subfosas, para garantir a permanencia do xurro un mínimo de tres meses, antes do seu uso como fertilizante agrícola.

.- A utilización do xurro como fertilizante agrícola respectará as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha. R.D. 261/1996, do 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias, e o Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.

.- Os animais mortos serán entregados só a xestor autorizado (*Reglamento (CE) nº 1069/2009 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 21 de octubre de 2009, por el que se establecen las normas sanitarias aplicables a los subproductos animales y los productos derivados no destinados al consumo humano y el Reglamento (UE) nº 142/2011 de la Comisión, por los que se deroga el Reglamento (CE) nº 1774/2002*).

.- O chan baixo os silos será impermeable e canalizaranse os seus lixiviados á fosa de xurro ou fosa séptica axeitada ao dito fin.

.- Todos os residuos que se xeren como consecuencia da instalación, explotación e desmantelamento deberán ser entregados a xestores autorizados e inscritos no Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos.

.- No caso de producir residuos perigosos: deberá solicitar a inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, como **pequeno produtor de residuos perigosos** no caso de producir menos de 10 Tn anuais de residuos perigosos, ou como **produtor de residuos perigosos** en caso de superar a antedita cantidade. Todo elo segundo o establecido no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia (DOG nº 124, do 29 de xuño de 2005).

.- Os posibles residuos perigosos xerados, serán entregados só a xestor autorizado específico de cada un deles (R.D. 833/1988, do 20 de xullo, R.D. 952/1997, do 20 de xuño, Lei 22/2011, do 28 de xullo de residuos e solos contaminados).

.- Os acabados das instalacións serán de cores e texturas concordantes co entorno o que permitirá unha maior integración cromática co medio circundante.

.- No caso de captación de auga de pozo: se as augas se utilizan no mesmo predio nas que foron captadas, e se a captación supera os 7.000 m³ anuais deberá solicitar **concesión** para a captación de auga; e se non supera a dita cantidade, deberá solicitar o **recoñecemento do dereito** e a correspondente **inscrición** no rexistro de augas. No caso de captarse nun predio e utilizarse noutro, deberá en todo caso solicitar concesión para a dita captación. E todo elo perante o Organismo Autónomo Augas de Galicia, segundo o establecido no texto refundido da Lei de Augas (B.O.E nº 176, do 24 de xullo de 2001).

.- No caso de dispoñer dunha fosa séptica con infiltración no terreo, deberá solicitar perante o Organismo Autónomo Augas de Galicia a **autorización de vertido** por infiltración no terreo da súa fosa séptica. No caso de que a fosa séptica sexa estanca, deberá limpala periodicamente, xestionando os residuos cun xestor autorizado para a recollida e o transporte de residuos.

.- Deberá acreditar que a explotación gandeira ten un sistema de manexo mixto mediante escrito da Consellería do Medio Rural, do contrario deberá aumentar a capacidade de almacenamento de xurro.

.- Con anterioridade a licenza definitiva de actividade deberá presentar a inscrición no rexistro da propiedade do compromiso contemplado no artigo 42 da Lei 9/2002.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de taxa por licenza de apertura de establecemento en aplicación da ordenanza fiscal nº 5 do Concello de Boimorto.

Base imponible superficie ocupada: 119,70 m²

Tipo de solo: rústico

Tarifa: 1,00 €uros/m²

Cota a ingresar: **119,70 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recurso que poiden interpoñerse contra o mesmo.

3.1.3.- DECLARACION DEFINITIVA DE INCURSIÓN NA SITUACIÓN LEGAL DE FORA DE ORDENACIÓN TOTAL DE INMOBLE DESTINADO A GARAXE APARCAMENTO TRAMITADO POR D. ALFONSO RICO VERA EN REPRESENTACION DE AUTOS RICO, S.L.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 26 de xaneiro de 2012, no que se acorda recoñecer que o inmovible de planta única sito en Vistalegre, Boimil s/n, Boimorto, A Coruña, cuxo uso e de garaxe aparcamento pola empresa Autos Rico, S.L está incurso nas circunstancias establecidas na disposición transitoria terceira da Lei 2/2010 de 25 de marzo, de acordo coa documentación redactada polo enxeñeiro de camiños D. Gilberto Rodríguez Rodríguez Colexiado nº 8.467

Vista a instrucción 2/2011, de 12 de abril, para a aplicación da disposición terceira da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sobre edificación sen licenza, publicada en data 11/05/2011 no Diario Oficial de Galicia nº 91 e tendo en conta que a construción reúne os seguintes requisitos:

- a) Non está executada sobre terreos calificados polo planeamento como zona verde, espacio libre, dotación ou equipación pública.
- b) Realizouse sen a preceptiva autorización autonómica.
- c) Acredítase que con anterioridade ó día 1 de xaneiro de 2013 encontrábase totalmente terminada.
- d) Que non se adoptou ningunha medida de restauración da legalidade urbanística ou ambiental

Visto o Ditame de Incidencia Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas emitido con data 4/04/2013 coas súas medidas correctoras.

Visto o informe do servizo técnico municipal asinado por D. Fernando Delgado Juega, emitido con data 23/10/2013, en relación coa visita de comprobación ás instalacións, fai constar que se comprobou que a edificación e a actividade que se desenrolan nelas coinciden coa descrición feita na documentación presentada no concello, habéndose cumprido coas condicións impostas no ditame ambiental de 4/04/2013.

Visto informe de Secretaría municipal de data 31/10/2013 e as advertencias que constan no mesmo.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar definitivamente incurso na situación legal de fora de ordenación total a seguinte edificación, coa titularidade, ubicación e características que se relacionan a continuación:

Titularidade de **AUTOS RICO, S.L** con domicilio en Vistalegre Boimil s/n, Boimorto, A Coruña, inmovible de planta única que conta cunha superficie de 404,30 m², incluíndo as zonas asfaltadas perimetrais. A nave dispón dunha estrutura cuadrangular de 305,17 m²: área de estacionamento de 288,21 m², e zona de baño, telecomunicación e documentación de 16,96 m² situado na parcela con referencia catastral 002200400NH76C0001WZ.

SEGUNDO.- Recoñecer nesta edificación, fora de ordenación, a posibilidade de realización do uso da actividade de “**Aparcamiento, lavado, revisión, reparación e subministro de combustible a vehículos propios**”. (Sometida ao cumprimento das medidas correctoras impostas no Ditame de Incidencia Ambiental emitido con data 4/04/2013)

TERCEIRO.- A edificación e uso queda incorporada ao patrimonio do seu titular e suxeita ao réxime previsto no artigo 103.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (realización de obras de conservación para o mantemento do uso existente).

CUARTO.- Aprobar a liquidación de taxa por licenza de apertura de establecemento en aplicación da ordenanza fiscal nº 5 do Concello de Boimorto.

Base imponible superficie ocupada: 317 m²

Tipo de solo: rústico

Tarifa: 1,00 €uros/m²

Cota a ingresar: **317,00 €uros**

QUINTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poiden interpoñerse contra o mesmo.

3.2.- AUTORIZACIÓNS

3.2.1.- BAIXA NA CONEXIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 2180, con data 26/10/2013 presentada por D. Rafael Fernández Barreiro con DNI 76510263G, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Canto do Balo nº 29, Arceo, 15818 Boimorto, na que solicita a baixa da conexión do servizo de subministro de auga potable e do contador así como no servizo de recollida de lixo correspondente á vivenda sita no lugar de Vilaverde nº 8, parroquia de Arceo, deste termo municipal.

Considerando que o interesado aporta documento de confirmación de baixa do contrato polo subministro de enerxía eléctrica da referida vivenda.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Dar de baixa o recibo e contador de auga número 96-249775 e o recibo de recollida de lixo que figura a nome de D. Manuel Fernández Regueira, correspondente ao inmovible sito no lugar de Vilaverde nº 8 da parroquia de Arceo, na elaboración do padrón fiscal correspondente ao cuarto trimestre do exercicio 2013.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e ao encargado de servizos municipais para que proceda ao corte de subministro de auga do inmovible sito no lugar de Vilaverde 8, parroquia de Arceo, deste termo municipal.

4.- URBANISMO OBRAS E SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

Advirte a secretaria que debería sinalarse nos informes técnicos sobre se as edificacións nas que se pretenden obras menores de conservación ou reparación entran na categoría de tradicionais, fora de ordenación ou son obras con ou sen licenza urbanística, aos efectos de poder outorgar as licenzas menores, de conformidade co establecido na normativa urbanística vixente e non permitir obras en edificacións ilegais ou incoar no seu caso o expediente de reposición de legalidade e sancionadoras oportunas.

4.1.1.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 37/2013) PARA REPARACIÓN E CAMBIO DE TELLADO DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NO LUGAR DE CORREDOIRAS, 38 PARROQUIA DE ÁNXELES TRAMITADO A INSTANCIA DE D. DEMETRIO CHORÉN SÁNCHEZ

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obras, tramitado a instancia de D. Demetrio Chorén Sánchez, con DNI núm. 32340898T, e con domicilio para os efectos de notificación no lugar Corredoiras, 38 Dereita, parroquia de Ánxeles, Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1.157 de data 28/06/2013 para a reparación e cambio de tellado da vivenda unifamiliar sita en Corredoiras, 38 Ánxeles, (solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso) segundo presuposto e fotografías presentadas.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 03/07/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.

Vista a autorización do Servizo de Infraestruturas da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, da estrada AC-234 de data 03/10/2013.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Demetrio Chorén Sánchez, con DNI núm. 32340898T (LO 37/2013), para reparación e cambio de tellado da vivenda unifamiliar sita en Corredoiras, 38 Ánxeles, (solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso) segundo valoración e fotografías presentadas.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- Deberase axustar ao contido no informe do Servizo de Infraestruturas da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- LO 37/2013

Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **4.110 €uros.**

Liquidación 2%: **82,20 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.2.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 38/2013) PARA SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE CUBERTA DA VIVENDA SITA NO Nº 4 DO LUGAR DE CASÁS DA PARROQUIA DE ANDABAO, TRAMITADA A INSTANCIA DE Dña. JOSEFA GARCÍA SEOANE.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de Dña. Josefa García Seoane DNI núm. 76474542W, e con domicilio para os efectos de notificacións en Lg. Casás nº 4, parroquia de Andabao, Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 2045 de data 14/10/2013 para a substitución do material de cuberta na vivenda sita no número 4 do lugar de Casás, da parroquia de Andabao, (solo de núcleo rural) segundo presuposto, plano de situación e fotografías presentados.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 16/10/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de núcleo orixinario disperso.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a Dna. Josefa García Seoane, con DNI núm. 76474542W (LO 38/2013) para a substitución do material de cuberta da vivenda sita no número 4 do lugar de Casás, parroquia de Andabao, (solo de núcleo rural) segundo presuposto, plano de situación e fotografías presentados.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- .- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- LO 38/2013

Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **4.503,30.- €uros.**

Liquidación 2%: **90,07.- €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo á interesada, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.3.-LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 39/2013) PARA REPARACIÓN DE CUBERTA DE VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NO LUGAR DE CURRO PEQUENO Nº 2, PARROQUIA DE CORNEDA, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JESÚS RODRÍGUEZ SÁNCHEZ

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Jesús Rodríguez Sánchez, con DNI núm. 76503484X, e domicilio a efectos de notificacións en Avda. Glasgow 20-8º-D, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello co nº 1995 en data 7/10/2013, para realizar as obras de reparación de cuberta de vivenda unifamiliar sita no lugar de Curro Pequeno nº 2, parroquia de Corneda, consonte ao proxecto técnico achegado coa solicitude, redactado polo arquitecto D. Manuel Varela Caabeiro, colexiado nº 2.117, visado polo colexio oficial de arquitectos de Galicia, en data 20 de setembro de 2013, co nº 1307240,1 xunto co oficio de dirección de obra do arquitecto D. Manuel Varela Caabeiro, visado polo colexio oficial de arquitectos de Galicia co número 1307240,2; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo.

Con data 8/10/2013 os servizos técnicos municipais emitiron informe sinalando unha serie de observacións, polo que o 30/10/2013 rexistro de entrada número 2202 preséntase Anexo de proxecto de reparación de cuberta redactado polo mesmo técnico, visado en data 22 de outubro de 2013, co nº 1307240,4.

Vistos os informes técnicos favorables de outorgamento de licenza de data 30/10/2013 dos servizos técnicos municipais por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o informe de Secretaría de 31/10/2013.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a D. Jesús Rodríguez Sánchez, con DNI núm. 76503484X (LO 39/2013), para executar as obras de reparación de cuberta de vivenda unifamiliar sita no lugar de Curro Pequeno nº 2, parroquia de Corneda, consonte ao proxecto técnico achegado coa solicitude, redactado polo arquitecto D. Manuel Varela Caabeiro, colexiado nº 2.117, visado polo colexio oficial de arquitectos de Galicia, en data 20 de setembro de 2013, co nº 1307240,1 e conforme ao anexo con entrada nº. 2202 en data 30/10/2013; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural coa or-

denanza de expansión de núcleo, asumíndose a dirección de obra polo técnico redator do proxecto D. Manuel Varela Caabeiro, colexiado nº 2.117.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais.

.- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.

.- As obras a realizar consisten en:

.- Substitución da cuberta da vivenda, en mal estado, por outra nova, a base de tella curva sobre placa de fibrocemento sobre viguetas pretensada de formigón, mantendo o volume orixinal a tres augas.

.- De conformidade co disposto nos artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destina-la construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

.- As obras deberán comezar no prazo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos dende a data de outorgamente da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- LO 39/13

Presuposto de execución material da obra: **8.568 €uros.**

Liquidación 2%: **171,36 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.4.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 40/2013) PARA CONSTRUCCIÓN DUN ESTABLO DE VACÚN DE LEITE TRABADO, NO LUGAR DE CABANA, PARROQUIA DE BUAZO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. ROGELIO SANDÁ ESPÍNEIRA.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obras, tramitado a instancia de D. Rogelio Sandá Espiñeira, con DNI 76514928-T, con domicilio a efectos de notificacións no lugar de Ponte Boado nº 1, parroquia de Arceo, Boimorto, en virtude da instancia número 1824 de data 17 de setembro de 2013, para o proxecto de “Establo de vacún de leite trabado” a situar no lugar de Cabana, parroquia de Buazo, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Manuel Mosquera García, colexiado número 1.475, visado polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos (A Coruña-Pontevedra) co número 20130815, presentando o oficio de dirección de obra visado, parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria.

Resultando que o proxecto técnico presentado inicialmente foi completado con documentación complementaria con rexistro de entrada no Concello 2.013 en data 14/10/2013.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 14/10/2013 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o informe de secretaría de data 31/10/2013 e o compromiso por parte do interesado de execución de servizos e de inscrición no Rexistro da Propiedade (artigo 42 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia).

Condicionando a licenza ao sinalado no informe dos servizos técnicos municipais non se considera necesario a autorización previa de Urbanismo en base ao artigo 33.2.b) e 37.1 da Lei 9/2002.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a D. Rogelio Sandá Espiñeira, con DNI nº 76.514.928-T (LO 40/2013) conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo para o proxecto de “Establo de vacún de leite trabado” a situar no lugar de Cabana, parroquia de Buazo, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Manuel Mosquera García, colexiado número 1.475, visado polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos (A Coruña-Pontevedra) co número 20130815, e documentación complementaria con rexistro de entrada número 2.013 en data 14/10/2013; sendo director de obras D. Manuel Mosquera García, enxeñeiro técnico agrícola colexiado nº 1.475, parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria, non considerándose necesario a autorización previa de Urbanismo.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais e baixo os condicionantes do que consta no expediente e se indica nos considerandos deste acordo.
- .- Condicionantes sinalados nos informes técnicos e xurídicos indicados nos considerandos deste acordo.
- .- De conformidade co disposto nos artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destina-la construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
